

6. Nivel de pico, L_{pico} : é o nivel, en decibelios, dado pola expresión:

$$L_{\text{pico}} = 10 \lg \left(\frac{P_{\text{pico}}}{P_0} \right)^2$$

onde P_{pico} é o valor máximo da presión acústica instantánea (en pascais) a que está exposto o traballador, determinado co filtro de ponderación frecuencial C e P_0 é a presión de referencia ($2 \cdot 10^{-5}$ pascais).

7. Ruído estable: aquel cuxo nivel de presión acústica ponderado A permanece esencialmente constante. Considerarase que se cumpre tal condición cando a diferenza entre os valores máximos e mínimo de L_{pA} , medido utilizando as características SLOW de acordo coa norma UNE-EN 60651:1996, é inferior a 5 dB.

ANEXO II

Medición do ruído

1. As medicións deberán realizarse, sempre que sexa posible, en ausencia do traballador afectado, colocando o micrófono á altura onde se atoparía o seu oído. Se a presenza do traballador é necesaria, o micrófono colocarse, preferentemente, fronte ao oído, a uns 10 centímetros de distancia; cando o micrófono se teña que situar moi preto do corpo, deberánse efectuar os axustes apropiados para que o resultado da medición sexa equivalente a aquel que se obtería de se realizar nun campo sonoro non perturbado.

2. Número e duración das medicións: o número, a duración e o momento de realización das medicións terán que elixirse tendo en conta que o obxectivo básico destas é o de posibilitar a toma de decisión sobre o tipo de actuación preventiva que deberá emprenderse en virtude do disposto neste real decreto. Por iso, cando un dos límites ou niveis establecidos nel se sitúe dentro do intervalo de incerteza do resultado da medición poderá optarse: a) por supor que se supera o devandito límite ou nivel, ou b) por incrementar (segundo o instrumental utilizado) o número das medicións (tratando estatisticamente os correspondentes resultados) e/ou a súa duración (chegando, no límite, a que o tempo de medición coincida co de exposición), ata conseguir a necesaria redución do intervalo de incerteza correspondente.

No caso da comparación cos valores límites de exposición, o devandito intervalo de incerteza deberá estimarse tendo en conta a incerteza asociada á atenuación dos protectores auditivos.

3. As incertezas de medición ás cales se fai referencia no punto anterior determinaranse de conformidade coa práctica metrolóxica.

ANEXO III

Instrumentos de medición e condicións de aplicación

1. Medición do nivel de exposición diario equivalente ($L_{\text{Aeq,d}}$)

Sonómetros: os sonómetros (non integradores-pro-mediadores) poderán empregarse unicamente para a medición de nivel de presión acústica ponderado A (L_{pA}) do ruído estable. A lectura media considerarase igual ao nivel de presión acústica continuo equivalente ponderado

A ($L_{\text{Aeq,T}}$) do devandito ruído. O nivel de exposición diario equivalente ($L_{\text{Aeq,d}}$) calcularase coas expresións dadas no punto 4 do anexo 1.

Os sonómetros deberán axustarse, como mínimo, ás especificacións da norma UNE-EN 60651:1996 para os instrumentos de «clase 2» (dispondo, polo menos, da característica SLOW e da ponderación frecuencial A) ou ás de calquera versión posterior da devandita norma e mesma clase.

Sonómetros integradores-(pro)mediadores: os sonómetros integradores-(pro)mediadores poderán empregarse para a medición do nivel de presión acústica continuo equivalente ponderado A ($L_{\text{Aeq,T}}$) de calquera tipo de ruído. O nivel de exposición diario equivalente ($L_{\text{Aeq,d}}$) calcularase mediante as expresións dadas no punto 4 do anexo 1.

Os sonómetros integradores-(pro)mediadores deberán axustarse, como mínimo, ás especificacións da norma UNE-EN 60804:1996 para os instrumentos de «clase 2» ou ás de calquera versión posterior da devandita norma e mesma clase.

Dosímetros: os medidores persoais de exposición ao ruído (dosímetros) poderán ser utilizados para a medición do nivel de exposición diario equivalente ($L_{\text{Aeq,d}}$) de calquera tipo de ruído.

Os medidores persoais de exposición ao ruído deberán axustarse ás especificacións da norma UNE-EN 61252:1998 ou ás de calquera versión posterior da devandita norma.

2. Medición do nivel de pico (L_{pico})

Os sonómetros empregados para medir o nivel de pico ou para determinar directamente se se superan os límites ou niveis indicados no artigo 4 deberán dispor dos circuitos específicos axeitados para a medida de valores de pico. Deberán ter unha constante de tempo no ascenso igual ou inferior a 100 microsegundos, ou axustarse ás especificacións establecidas para este tipo de medición na norma UNE-EN 61672:2005 ou versión posterior dela.

(Este real decreto publícase tendo en conta as correccións de erros publicadas no BOE núm. 62, do 14-03-2006, e máis no BOE núm. 71, do 24-03-2006.)

4415 REAL DECRETO 287/2006, do 10 de marzo, polo que se regulan as obras urxentes de mellora e consolidación de regadíos, co obxecto de obter un adecuado aforro de auga que palíe os danos producidos pola seca. («BOE» 60, do 11-3-2006.)

A auga constitúe nos nosos días o recurso máis importante para o desenvolvemento económico. As limitacións ou restricións ao seu consumo condicionan gran parte das actividades económicas. Porén, o ano hidrolóxico 2004-2005 foi o máis seco desde que se ten información sistematizada. Adicionalmente, os catro primeiros meses do ano hidrolóxico 2005-2006 están manifestando un mantemento das condicións de seca que afectan practicamente a máis do 80 por cento do territorio nacional, o que levou a que a reserva hídrica a mediados de xaneiro de 2006 se sitúe en 14.340 Hm³; esta cifra representa unha diminución das reservas próxima ao 40 por cento da capacidade total dos encoros (fronte ao 58 por cento na mesma data de 2005) e a só o 32 por cento da dita capacidade (fronte ao 43 por cento de hai un ano) para os encoros das bacías mediterráneas. Esta situación supón unha

diminución de cerca de vinte puntos porcentuais nos recursos dispoñibles sobre a media dos últimos dez anos, o que dá unha idea da gravidade da situación e da súa repercusión potencial sobre o sector agrario.

Aínda que as precipitacións de primavera poidan significar unha mellora se se modifica a negativa tendencia manifestada ao longo dos últimos meses, é practicamente imposible que sexan tan abundantes como para recuperar o déficit acumulado e evitar que durante o presente ano hidrolóxico se produzan graves insuficiencias para atender as próximas campañas de rega. Mesmo se se mantén a tendencia de diminución das achegas respecto ao mínimo histórico da campaña 2004-2005, dificilmente se poderán evitar os problemas nalgúns abastecementos a poboacións.

O usuario agrario constitúe, pola natureza das súas producións e as tecnoloxías de utilización da auga aplicadas a estas, o maior consumidor de auga dentro do Estado, indo para o regadío cerca dun 75 por cento do total da auga consumida. Polo tanto, o maior potencial de aforro está, sempre que as posibilidades técnicas o permitan, en conseguir diminuír a cantidade de auga necesaria para a rega.

Ante esta situación, faise imprescindible actuar da maneira máis urxente posible na mellora, consolidación e modernización de regadíos con obxecto de conseguir unha redución dos consumos unitarios asociados e, complementariamente, conseguir que a incidencia agregada sobre o sector da redución na dispoñibilidade de auga sexa a menor posible.

Correspondendo a distribución en alta ao Ministerio de Medio Ambiente e en baixa ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a sincronización das actuacións produce, sen dúbida, unha sinerxia que incrementa notablemente a eficacia das medidas tomadas. Neste contexto, o Ministerio de Medio Ambiente e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, tendo en conta estes criterios de coordinación e eficacia, propoñen unha serie de actuacións que se desenvolven neste real decreto encamiñadas a maximizar, cada un na súa esfera de competencias, pero coordinadamente, o aforro de auga nunha parte importante do sistema de regadío, o que afecta tanto a rede de distribución en alta, como a rede de distribución en baixa.

Por outra parte, o Plan Nacional de Regadíos constitúe un instrumento básico para o desenvolvemento da política de regadíos. Dado o tempo transcorrido desde a súa posta en marcha, faise necesaria unha nova orientación máis acorde coas necesidades e sensibilidades actuais e, en particular, coa situación de seca, que puxo non só o sector agrario, senón toda a sociedade nunha situación de escaseza de auga, que nalgúns comunidades autónomas xerou situacións dramáticas. Por isto, a necesidade imperiosa de aforrar auga á hora de modernizar os nosos regadíos convértese nunha cuestión prioritaria.

O obxectivo destas actuacións non só se reduce a obter un aforro de auga na zona obxecto de actuación, senón que tamén trata de incorporar recursos non convencionais ao sistema de rega, como son as augas procedentes de desalgaadura e de depuración de augas residuais de núcleos urbanos, facendo especial fincapé nas actuacións nas comunidades autónomas de Canarias e de Illes Balears.

Todos estes esforzos realizados desde a Administración complementáanse co interese mostrado polos propios regantes en alcanzar a máxima eficiencia hídrica, controlando que a subministración de auga aos seus cultivos sexa a necesaria para satisfacer as necesidades netas da planta, impulsando, polo tanto, técnicas de rega que optimicen as producións e permitan a competitividade das nosas explotacións de regadío, no marco dun sistema produtivo cada vez máis globalizado.

Os obxectivos de optimizar o uso de auga dispoñible mediante actuacións como son a modernización dos sistemas de transporte, distribución e aplicación da auga en parcela, a elección de cultivos con variedades menos exixentes en auga, ou o emprego de recursos hídricos alternativos aos convencionais, son aspectos amplamente compartidos e apoiados por todos os axentes implicados. Pero cómpre dar un paso máis na modernización dos nosos regadíos, como é a incorporación dos regantes á sociedade da información, a través da implantación de modernas tecnoloxías de comunicacións para alcanzar unha maior eficiencia global do sistema de rega á vez que se crea emprego de calidade capaz de xestionar doutra maneira a auga de rega, o que supón o desenvolvemento dun potente sector de servizos ligado á modernización de regadío que, sen dúbida, contribúe a consolidar o sistema agroindustrial asociado ao regadío, fixando pola súa vez poboación e mellorando a calidade de vida en todas as zonas de influencia.

Para alcanzar estes obxectivos débense seleccionar aquelas zonas de rega cunha menor eficiencia hídrica que, pola súa vez, afecten un maior número de agricultores pero sen deixar de lado outras superficies con características similares.

Para conseguir os obxectivos sinalados é imprescindible contar cos recursos financeiros previstos no Plan Nacional de Regadíos e no Plan Hidrolóxico Nacional pero, ao non seren estes suficientes, cómpre utilizar novos mecanismos financeiros como a mobilización singularizada dos recursos dispoñibles por TRAGSA, conforme o previsto na súa lei reguladora, por ser TRAGSA un medio público instrumental da Administración.

En definitiva, o que se persegue é a posta en marcha dun plan de urxencia co ano 2007 como horizonte, que permita actuar nunha superficie de 866.898 hectáreas, obtendo pola súa vez un aforro de auga anual estimado en 1.162 hm³.

Pola súa vez, as obras que se inclúen no Programa de Actuacións (anexo), terán a consideración de urxentes para efectos de contratación e tramitación administrativa, sobre todo no referente á tramitación da avaliación de impacto ambiental, reducíndose substancialmente os prazos previstos nela.

A este respecto, cómpre sinalar que as comunidades de regantes cuxas zonas de rega sexan obxecto dun proceso de modernización ao amparo deste real decreto, levarán a cabo un rigoroso e completo programa de vixilancia ambiental, sobre todo no referente ao control de verteduras e contaminación difusa ocasionada polo emprego de inadecuados produtos fitosanitarios, obrigándose ao cumprimento dos distintos códigos de boas prácticas agrarias e facilitando á administración ambiental que o requira información ao respecto obtida polos técnicos que realicen o seguimento ambiental do regadío.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente e logo da deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 10 de marzo de 2006,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o financiamento e a execución das actuacións urxentes de mellora e consolidación de regadíos que se recollen no anexo como «Programa de Actuacións», coa finalidade de obter un aforro de auga capaz de mitigar os efectos da seca no regadío.

Artigo 2. *Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación.*

Todas as actuacións referidas no anexo están declaradas de interese xeral ou incorporadas nos plans hidrolóxicos da correspondente bacía.

En consecuencia, levarán implícita a declaración de utilidade pública e, nos supostos previstos no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, a de necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos, para os fins de expropiación forzosa e ocupación temporal.

Artigo 3. *Financiamento das obras.*

Para a execución do programa de actuacións establécense os seguintes mecanismos de financiamento:

a) Fondos propios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación previstos nas correspondentes partidas orzamentarias recollidas no capítulo VI da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

b) Financiamento e execución polas Sociedades Estatais de Infraestruturas Agrarias, mediante subscripción de convenios específicos cos usuarios das infraestruturas.

c) Financiamento a través dun acordo coa Empresa de Transformación Agraria, S. A. (en diante, TRAGSA), pola que esta procede á execución e prefinanciamento das actuacións relativas á construción de obras de mellora e consolidación de regadíos.

d) Fondos propios do Ministerio de Medio Ambiente previstos nas correspondentes partidas orzamentarias do capítulo VI da Dirección Xeral da Auga e das Confederacións Hidrográficas. O réxime de financiamento destas actuacións estará suxeito ao establecido no artigo 114.2 do texto refundido da Lei de augas.

e) Financiamento e execución polas Sociedades Estatais de Auga, conforme o establecido no seu convenio de xestión directa e coa subscripción previa de convenios específicos cos usuarios das infraestruturas.

Artigo 4. *Contías máximas de financiamento público.*

As contías máximas para financiar a través dos mecanismos sinalados no artigo anterior serán as seguintes:

a) O investimento con cargo ao capítulo VI do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, non superará os 55,2 millóns de euros, que pola súa vez xera un investimento adicional dos usuarios de 55,2 millóns de euros.

b) As Sociedades Estatais de Infraestruturas Agrarias investirán até 519 millóns de euros cun financiamento máximo de 394,4 millóns de euros procedentes de fondos propios achegados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación con cargo ao capítulo VIII da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e coa correspondente participación, de ser o caso, das comunidades autónomas e da Unión Europea, que xerará unha achega inicial dos usuarios cifrada en 124,6 millóns de euros.

c) O investimento financiado a través dun acordo coa empresa pública TRAGSA, medio propio instrumental da Administración, non superará os 196,9 millóns de euros de obra executada, a que se engadirán 65 millóns de desviacións e gastos financeiros, o cal xerará, pola súa vez, 125,3 millóns de investimento adicional dos usuarios.

d) O investimento con cargo a orzamento propio do Ministerio de Medio Ambiente ou dos seus organismos autónomos non superará os 880 millóns de euros; estimándose unha achega dos usuarios de 41 millóns de euros.

e) As Sociedades Estatais de Auga investirán até 472 millóns de euros, cun máximo de 237 millóns de euros de fondos propios e 45 millóns de euros procedentes de fondos da Unión Europea, xerando unha achega dos usuarios que se cifra en 190 millóns de euros.

Artigo 5. *Réxime de contratación e reprogramación.*

1. Os expedientes de contratación precisos para o desenvolvemento das actuacións previstas neste real decreto terán a consideración de urxentes para os efectos previstos no artigo 71 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

2. Se, por circunstancias que fixesen inviable a realización dalgunha infraestrutura, fose necesario modificar o programa de actuacións que se inclúe no anexo, o centro xestor correspondente formulará a oportuna proposta ao ministerio competente, o cal resolverá sobre a substitución dunha infraestrutura por outra xa declarada de interese xeral ou incluída no correspondente plan de bacía, e de similares características, sempre que asegure o cumprimento dos mesmos obxectivos.

Artigo 6. *Acordos de encomenda de xestión.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación encomendaralle á sociedade pública instrumental TRAGSA a execución e o financiamento das actuacións relativas á construción de obras de mellora e consolidación de regadíos que figuran no anexo, até un importe máximo de 196,9 millóns de euros de obra executada.

2. O Ministerio de Medio Ambiente e os seus organismos autónomos poderanlle encomendar a TRAGSA o desenvolvemento de actuacións previstas neste real decreto nas cales sexa necesario, por razóns de funcionalidade, coordinar a execución das distintas infraestruturas de regadío.

Artigo 7. *Tramitación ambiental.*

1. A tramitación dos proxectos das actuacións obxecto deste real decreto someterase ao Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, modificado pola Lei 6/2001, do 8 de maio.

2. Os proxectos promovidos e autorizados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación incluídos no anexo II do Real decreto lexislativo 1302/1986 deberán presentarse ante a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, como órgano ambiental, incluíndo un documento ambiental do proxecto con, polo menos, o seguinte contido:

a) A definición, características e localización do proxecto.

b) As principais alternativas estudadas.

c) Unha análise de impactos potenciais no ambiente.

d) As medidas preventivas, correctoras ou compensatorias para a adecuada protección do ambiente.

e) A forma de realizar o seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no documento ambiental.

O órgano ambiental resolverá se os proxectos deberán someterse ou non a avaliación de impacto ambiental, consultando preceptivamente, polo menos, o correspondente órgano ambiental das comunidades autónomas afectadas.

3. Tomando en consideración as especiais circunstancias deste real decreto, aplicarase unha tramitación de urxencia pola cal se reducirán a metade os prazos estable-

cidos no procedemento ordinario de avaliación de impacto ambiental.

Non obstante, no caso de ter que someter o proxecto a información pública, o prazo para formular alegacións non poderá ser inferior a vinte días.

Artigo 8. *Actuacións ambientais.*

1. Os proxectos das actuacións obxecto deste real decreto preverán unha partida orzamentaria para actuacións ambientais que permita realizar as medidas de protección, corrección ou compensación ambiental que se establezan como consecuencia das resolucións dadas en cada caso polo órgano ambiental. Para aqueles supostos non previstos no anexo I do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, preverase, así mesmo, unha partida orzamentaria para actuacións de recuperación ambiental.

2. As comunidades de regantes beneficiarias destas obras efectuarán ás súas expensas o seguimento ambiental da zona que se mellora e consolida, sobre todo no referente a verteduras e contaminación difusa producida polo uso de produtos fitosanitarios, facilitando á Administración ambiental toda a información que esta lle requira.

Artigo 9. *Aforro de auga.*

O aforro de auga producido poderase utilizar para consolidar a superficie regable existente ou a garantía de rega nos termos que se establezan, de ser o caso, no correspondente convenio cos concesionarios-investidores privados da área e de acordo coas determinacións do texto refundido da Lei de augas.

En ningún caso se poderá aumentar a delimitación dos polígonos e superficies de rega existentes, aplicándose, así mesmo, o aforro producido á satisfacción das

necesidades ambientais no ámbito considerado e na mellora da garantía do abastecemento ás poboacións.

Disposición derradeira primeira. *Título de competencias.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a, 22.^a, 23.^a e 24.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado, respectivamente, a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma; lexislación básica sobre protección do ambiente e obras públicas de interese xeral ou cuxa realización afecte máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO
PROGRAMA DE ACTUACIONES
ACTUACIONES DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACION
A financiar con capítulo VI

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ZONA	ORZAMENTO (M euros)	INVESTIMENTO MAXIMO PÚBLICO (M euros)	ESTIMACIÓN AUGA AFORRADA (hm ³ /ano)
Andalucía	Modernización de regadíos da C.R. do Sector I Zona Media do Guadalquivir, t.m. Baeza, Bedmar e Jódar (Jaén)	5,4	2,7	2,77
Illes Balears	Acondicionamento e canalización do regadío da C.R. "Son Mesquida". Felanitx (Mallorca).	1,2	0,6	0,28
Cataluña	Electrificación da C.R. "El Alzinar" en Algüaire (Lleida).	0,2	0,1	0,45
Cataluña	Reparación e mellora da levada de C.R. "San Llorenç-Guerb" t.m. Os de Balaguer (LLeida).	0,4	0,2	0,93
Región de Murcia	Mellora e modernización dos regadíos da C.R. San Víctor de Santomera (Murcia).	1,8	0,9	1,76
Comunidade Valenciana	Modernización da infraestrutura de rega da C.R. Virgen de las Nieves, Aspe (Alicante).	29,4	14,7	6,71
Comunidade Valenciana	Modernización de regadíos sistema San Rafael-Sagrada Familia. Zona norte, sectores IV. M. Canle Júcar-Turia, t.m. Picassent (Valencia).	13,4	6,7	1,48
Comunidade Valenciana	Mellora e modernización da primeira canle de levante da C.G.R.R.L (m.i.) (Alicante).	16,4	8,2	11,10
Comunidade Valenciana	Redes de distribución para a modernización do regadío da Real Acequia del Júcar, Sector II. Alberique (Valencia).	7,2	3,6	0,95
Comunidade Valenciana	Implantación de rega por goteo da levada Puertas de Murcia. Orihuela (Alicante).	11,4	5,7	1,19
Comunidade Valenciana	Conducción xeral da m.d. do río Vinalopó (Alicante). Fase Salinas-Toscar.C.G.U. Alto e Medio Vinalopó	10,8	5,4	
Comunidade Valenciana	Construción de encoro regulador para rega no t.m. de Novelda (Alicante).	12,8	6,4	3,92
TOTAL.....		110,4	55,2	31,54

Financiadas con capítulo VIII

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ZONA	ORZAMENTO (M euros)	INVESTIMENTO MAXIMO PÚBLICO (M euros)	ESTIMACIÓN AUGA AFORRADA (hm ³ /ano)
Castilla y León	Canle de Guma	39,4	29,94	7,57
Castilla y León	Canle de El Páramo Bajo	80,8	61,38	24,10
Castilla y León	Canle de El Páramo	37,2	28,27	13,14
Castilla y León	Canle do Pisuerga	42,5	32,30	13,14

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ZONA	ORZAMENTO (M euros)	INVESTIMENTO MAXIMO PÚBLICO (M euros)	ESTIMACIÓN AUGA AFORRADA (hm ³ /ano)
Cataluña	M.I. Ter Presa Colomers	14,1	10,72	5,64
Cataluña	M.D. Ter Molí de Pals	14,5	11,02	5,58
Cataluña	Delta Ebro M.D.	18,0	13,68	7,30
Cataluña	Delta Ebro M.D.(Embro)	5,0	3,80	27,89
Aragón	Lasesa	20,0	15,20	25,66
Aragón	Almudevar	19,3	14,67	10,65
Castilla-La Mancha	Balazote-La Herrera	20,0	15,20	9,48
Extremadura	M.D.e M.I. Río Alagón	17,5	13,30	27,74
Extremadura	Jerte	10,0	7,60	1,66
Comunidade Valenciana	Campo do Turia	28,0	21,28	19,08
Comunidade Valenciana	Regas Levante M.I.	36,0	27,36	19,62
Comunidade Valenciana	Canle Júcar Turia	21,0	15,96	6,40
Comunidade Valenciana	Turis	13,7	10,41	4,39
Comunidade Valenciana	Nules	13,0	9,88	2,58
Andalucía	Guadalmellato	14,9	11,32	14,24
Andalucía	Pozo Alcón, Hinojares e C. Campo	18,0	13,68	13,42
Región de Murcia	Cota 120 Campo Cartagena	15,9	12,08	19,55
Región de Murcia	Lorca S. VIII	20,2	15,35	7,90
TOTAL.....		519,0	394,4	286,7

A financiar con capítulo VI Acordo Tragsa

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ZONA	ORZAMENTO (M euros)	INVESTIMENTO MAXIMO PÚBLICO (M euros)	ESTIMACIÓN AUGA AFORRADA (hm ³ /ano)
Andalucía	Mellora e consolidación de regadío na C.R. Norte Huerca-Overa, no t.m. de Huerca-Overa (Almería).	27,8	13,9	17,10
Andalucía	Modernización de regadíos na C.R. Virgen del Saliente. Albox (Almería).	5,2	2,6	0,85
Andalucía	Modernización de regadíos nas CC.RR. Dehesas Bajas e Río Fahala. T.M. Alhaurín el Grande (Málaga).	2,6	1,3	0,60
Andalucía	C.R. Acuífero Sierra Gador. El Ejido (Almería).	4,4	2,2	0,64
Andalucía	Modernización CC.RR. Guajares (Granada).	2,8	1,4	0,47

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ZONA	ORZAMENTO (M euros)	INVESTIMENTO MÁXIMO PÚBLICO (M euros)	ESTIMACIÓN AUGA AFORRADA (hm ³ /ano)
Andalucía	Modernización C.R. Algarrobo (Málaga).	12,0	6,0	1,58
Andalucía	Modernización C.R. Llanos Juntillas-Coín (Málaga).	6,0	3,0	1,40
Andalucía	Modernización C.R. Torrox (Málaga).	5,0	2,5	0,85
Andalucía	Modernización C.R. Benamargosa (Málaga).	8,0	4,0	3,07
Andalucía	Modernización C.R. Manancial de Planos-Yunqueira (Málaga).	1,6	0,8	0,34
Andalucía	Modernización de regadíos C.R. El Fresno en Moguer e Lucena del Puerto (Huelva)	35,0	19,5	14,69
Principado de Asturias	Mellora do sistema de rega da Veiga de San Martín de Lodón, Belmonte de Miranda (Asturias).	0,6	0,3	0,03
Principado de Asturias	Obra de regulación para posta en rega na zona de río Panero. Valderredible (Cantabria).	8,6	4,3	0,47
Illes Balears	Aproveitamento integral de auga rexenerada de Inca (Mallorca).	3,9	3,9	0,10
Illes Balears	Aproveitamento integral de augas rexeneradas de Ciudadela (Menorca).	5,7	5,7	0,40
Illes Balears	Utilización para a rega das augas rexeneradas de Capdepera (Mallorca).	5,6	5,6	0,10
Illes Balears	Utilización para rega da auga rexenerada de Artá (Mallorca)	3,9	3,9	0,06
Illes Balears	Aproveitamento integral de augas residuais depuradas para rega no t.m. San Francisco Javier (Formentera).	8,2	8,2	0,41
Illes Balears	Reutilización das augas rexeneradas para a rega na C.R. Santa Ponsa. Calviá (Mallorca).	6,5	6,5	0,17
Illes Balears	Reutilización agrícola das augas procedentes da Edar de Peguera. Calviá (Mallorca).	4,0	4,0	0,17
Illes Balears	Aproveitamento integral dos recursos hídricos da C.R. de Manacor (Mallorca).	6,0	6,0	0,26
Illes Balears	Aproveitamento das augas rexeneradas de "Es Castell" (Menorca).	4,2	4,2	0,07
Illes Balears	Reutilización das augas rexeneradas para a rega da C.R. de C'An Bossa. San José (Ibiza).	2,6	2,6	0,25
Illes Balears	Mellora da rede de rega da zona de Alaró (Mallorca).	1,6	1,6	0,39
Canarias	Depósito regulador en Tías-Lanzarote. Las Palmas de G. Canaria.	1,5	1,5	0,24
Canarias	Mellora da rede de rega en El Valle del Gran Rey. Gomera (Tenerife).	1,4	1,4	0,32
Canarias	Acondicionamento presa de El Capellán e conexión ao sistema de distribución de auga desalgada, norte de Gran Canaria. Gáldar (Gran Canaria).	2,9	2,9	1,68
Canarias	Rede de rega da balsa de Dos Pinos, 2ª fase, en Los Llanos de Aridane e El Paso (La Palma).	1,6	1,6	0,43

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ZONA	ORZAMENTO (M euros)	INVESTIMENTO MÁXIMO PÚBLICO (M euros)	ESTIMACIÓN AUGA AFORRADA (hm ³ /ano)
Castilla y León	Presa, captación impulsión na zona de Río Rojo-Berantevilla (Burgos).	15,0	7,5	3,28
Castilla y León	C.R. Páramo medio **	32,0	18,0	20,0
Cataluña	Encanamento levada "Remolins". Torres de Segre e Soses (Lleida).	0,8	0,4	1,51
Cataluña	Mellora da rede de rega da C.R. Montagut. Alcarrás (Lleida).	3,4	1,7	3,53
Cataluña	Mellora da rede de rega da C.R. Serós, toma I (Lleida).	1,8	0,9	0,42
Cataluña	Encanamento dos tramos da levada da C.R. da Canle de Aravellí Bellostar. Les Valls de Valira (Lleida).	0,6	0,3	1,30
Cataluña	Construción de 2 encoros na C.R. "Gimenells-Pla de la Font", en Gimeneles (Lleida).	6,6	3,3	0,50
Cataluña-Aragón	Canle Aragón e Cataluña	32,0	18,0	90,00
Comunidade Valenciana	C.U.R. Levada Júcar*	40,0	20,0	10,00
Región de Murcia	Ampliación da capacidade de regulación da C.R. de Mazarrón. Mazarrón e Cartagena (Murcia).	7,8	3,9	6,68
Región de Murcia	Mellora dos regadíos da levada de La Andelma, Fase 2 (Cieza).	3,0	1,5	0,42
TOTAL.....		322,2	196,9	184,78

* M.A.P.A. Sectores 7, 10, 14, 15, 18, 19, 23 e 24

* CC.RR. Sectores 1B, 11, 16, 20, 30, 33, 34 e 38

** Zona regable Páramo medio.

ACTUACIÓNS DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

A financiar pola Dirección Xeral da Auga con cargo ao capítulo VI

Comunidade Autónoma	Zona	Orzamento (M€)	Investimento máximo público (M€)	Estimación auga aforrada (hm ³ /ano)
Castilla y León	Rehabilitación Integral da Canle do Órbigo	18,00	18,00	7,00
Castilla y León	Rehabilitación Integral da Canle do Páramo no seu treito inicial	10,00	10,00	3,00
Castilla y León	Reparación e modernización da zona regable da Canle de Villalaco Tramo segundo	13,97	13,97	5,40
Castilla y León	Reparación e modernización da zona regable da Canle de Villalaco Tramo terceiro	5,50	5,50	2,60
Castilla y León	Modernización da zona regable da canle de Manganesos	30,83	30,83	3,00
Castilla-La Mancha	Modernización de regadíos da Canle Baixa do Alberche	58,00	58,00	25,00
Extremadura	Modernización das regas da zona regable de El Rosarito	25,00	25,00	5,00
Extremadura	Modernización da ZR do Alagón, 2ª fase: modernización das levadas principais (Varias actuacións)	21,00	21,00	70,00
Extremadura	Modernización de regadíos do Zújar (varias actuacións)	12,00	12,00	8,00
Extremadura	Modernización dos regadíos de Montijo	25,00	25,00	16,00
Extremadura	Modernización dos regadíos de Lobón	15,00	15,00	10,00
Extremadura	Modernización dos regadíos de Orellana	50,00	50,00	60,00
Andalucía	Modernización da zona regable do Genil marxe esquerda. Balsa da Verduga	4,30	4,30	7,00
Andalucía	Modernización da zona regable do Genil marxe esquerda. Balsa de Ramblilla	3,00	3,00	3,00
Andalucía	Modernización das zonas regables das Veigas Altas e Medias de Jaén	42,00	42,00	14,00
Andalucía	Modernización da zona regable de Guadalbullón (Jaén)	85,00	85,00	5,00
Andalucía	Modernización da zona regable de Salado de Morón.	9,02	9,02	3,00
Andalucía	Remodelación da Canle do Guadalquivir ao seu paso por Córdoba	36,00	36,00	10,00
Andalucía	Modernización de regas con toma directa río Guadalquivir - Córdoba	45,00	45,00	18,50
Andalucía	Modernización da canle principal da zona regable do Bembezar Marxe dereita.	10,00	10,00	12,00

Comunidade Autónoma	Zona	Orzamento (M€)	Investimento máximo público (M€)	Estimación auga aforrada (hm ³ /ano)
Región de Murcia	Terminación da modernización das zonas regables de Lorca e Val do Guadalentín. Sector VII.1	25,90	25,90	2,00
Región de Murcia	Terminación da modernización das zonas regables de Lorca e Val do Guadalentín. Sector VIII.	16,00	16,00	2,00
Región de Murcia	Modernización de regadíos da Veiga Media (adecuación tomas levadas maiores)	1,50	1,50	4,00
Comunidade Valenciana	Obras accesorias e de terminación de modernización da Acequia Real del Júcar	22,00	22,00	20,00
Cataluña	Novo desaugadoiro treito final levada maior de Piñana en TM Alcarras	1,04	1,04	2,00
ACTUACIÓNS NA ZONA REGABLE DA CANLE DE BARDENAS				21,00
Aragón	Desaugadoiro - Colector Sector XII, 3ª Fase, 2ª Parte. Canle de Bardenas	5,14	5,14	
Aragón	Desaugadoiro XXVIII-XXIX Treito entre P.Q. 0,72 e treito existente. Canle de Bardenas	0,45	0,45	
Aragón	Gran reparación anaco V Canle Bardenas (P.q. 72,3 AL 90,0) e camiño de servizo	2,00	2,00	
ACTUACIÓNS NA ZONA REGABLE DA CANLE DE ARAGON E CATALUÑA				27,00
Aragón e Cataluña	Modernización e acondicionamento dos sistemas de comportas nos puntos de regulación C.A.C. e na toma de cabeceira das levadas principais. (Canle Principal Zaidín)	9,31	9,31	
Aragón e Cataluña	Optimización dos recursos hídricos da Canle de Aragón e Cataluña mediante telecontrol	14,9	14,9	
Cataluña	Encoro no km 113 da canle de Aragón e Cataluña	2,96	2,96	
Aragón	Encoro no Km 42 da Canle de Zaidín	3,11	3,11	
Aragón	Reparación e revestimento Partidor Zaidín	1,83	1,83	
Aragón	Reforma Canle descarga aliviadoiro sifón Castillonroy (Huesca)	0,37	0,37	
Aragón	Reparación e revestimento Canle Aragón e Cataluña Km .33,8-35,17.San Esteban Litera	0,61	0,61	
Aragón	Acondicionamento do acueduto do Nou Pq.54 Canle de Aragón e Cataluña	1,10	1,10	
ACTUACIÓNS NA ZONA REGABLE DO ALTO ARAGÓN				40,00
Aragón	Ampliación capacidade de transporte Tramo II Canle Cinca para regulación da Canle de Monegros	15,00	15,00	

Comunidade Autónoma	Zona	Orzamento (M€)	Investimento máximo público (M€)	Estimación auga aforrada (hm ³ /ano)
Aragón	Acondicionamento dos paramentos interiores da Canle do Cinca entre a súa orixe e o P.Q. 4,500	2,00	2,00	
Aragón	Reparación da Canle de Monearos Tramo III anaco 4º zona de Valconsejo	2,40	2,40	
Aragón	Adecuación treito I da Canle de Monegros. 1ª fase (Alcalá de Gurrea)	15,00	15,00	
Aragón	Acond. Levada derivada V-6 Canle Violada. Tramo I da Canle de Monegros	0,50	0,50	
Aragón	Regulación integral e modernización da canle de Terreu	78,51	78,51	
Aragón	Terminación do Sector VIII. Zona regable, Tramo III. Monegros	8,69	8,69	
Aragón	Rede desaugadoiros Sector XXXIV Canle do Cinca. Horto	4,58	4,58	
TOTAL		753,52	753,52	405,50

A financiar polas Confederacións Hidrográficas con cargo ao capítulo VI

Comunidade Autónoma	Zona	Orzamento (M€)	Investimento máximo público (M€)	Estimación auga aforrada (hm ³ /ano)
Andalucía	Modernización da zona regable do Baixo Guadalquivir	90,00	67,50	80,00
Andalucía	Modernización da zona regable das Veigas Baixas de Jaén	18,00	13,50	6,00
Andalucía	Modernización da zona regable de El Viar	55,00	41,25	18,00
Extremadura	Modernización das regas do Arrago. Rehabilitación xeral da canle III-A	3,65	3,65	2,00
TOTAL		166,65	125,90	106,00

A financiar polas Sociedades Estatais de Auga

Comunidade Autónoma	Zona	Orzamento (M€)	Investimento máximo público (M€)	Estimación auga aforrada (hm ³ /ano)
País Vasco	Regadíos en vales alaveses. Zona 4	23,00	11,50	0,48
Andalucía	Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da comarca de Los Vélez	10,00	6,00	0,76
Andalucía	Mellora da rede de regas antigas do río Guadalhorce	26,10	19,60	3,20
Región de Murcia	Modernización de regadíos da Veiga Alta. Ojós-Contraparada	105,00	63,00	16,00
Región de Murcia	Modernización dos regadíos da Veiga Alta até Ojós	10,00	6,00	4,80
Región de Murcia	Modernización da infraestrutura hidráulica da zona regable de Librilla	18,00	10,80	0,70
Comunidade Valenciana	Plan de modernización de regas da Plana de Castellón.	10,00	6,00	5,00
Comunidade Valenciana	Modernización dos regadíos da Veiga Baixa Segura	60,10	36,06	10,00
Comunidade Valenciana	Modernización da Canle do Camp del Turia	29,81	17,89	5,00
Comunidade Valenciana	Gran reparación e automatización da canle principal do Camp del Turia	30,00	18,00	5,00
Comunidade Valenciana	Modernización da canle Júcar-Turia	35,00	21,00	15,00
Comunidade Valenciana	Modernización das regas tradicionais de Escalona, Carcaixent, Sueca, Cullera e Cuatro Pueblos (<i>Infraestructura</i>)	16,10	9,66	
Castilla-La Mancha	Modernización da zona regable da Canle de Estremera (Guadalajara e Toledo)	2,83	1,98	0,70
Madrid	Modernización da zona regable da Canle de Estremera (Madrid)	29,54	20,68	7,78
Castilla y León	Modernización da Canle do Pisuerga (reparación da canle principal)	16,83	8,41	25,00
Castilla y León	Modernización do regadío de El Bierzo	50,00	25,50	48,00
	TOTAL	472,31	282,08	147,42